

**BASES DA CONVOCATORIA DOS PREMIOS DO
DÍA MUNDIAL DO TRABALLO SOCIAL
2023**

1. XUSTIFICACIÓN

O Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia (COTSG) quere incentivar a participación das persoas colexiadas e ao mesmo tempo, divulgar a súa labor profesional entre a sociedade. Para iso, propónse crear uns premios de carácter anual que contribúan a acadar ambas fins.

2. OBXECTO

Recoñecer, premiar e divulgar traballos de investigación e boas prácticas relacionadas coa disciplina do Traballo Social no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. MODALIDADES

Establécense tres categorías:

- Categoría **Investigación**: Consistirá en recoñecer un traballo de investigación realizado por traballadores/as sociais colexiados/as. A investigación deberá estar rematada no momento da solicitude (requisitos e baremo no Anexo I.1).
- Categoría de **Boas Prácticas**: Consistirá en recoñecer unha experiencia de boa práctica, realizada por traballadores/as sociais colexiados/as, entendida esta como forma óptima de executar un proceso que poida servir de modelo para outras entidades ou organizacións (requisitos e baremo no Anexo I.2).
- Categoría de **Traballo de Fin de Grao (TFG) ou Traballo de Fin de Máster (TFM)**: Consistirá en recoñecer un traballo de fin de grao ou fin de máster elaborado por persoas precolexiadas ou colexiadas do COTSG.

4. PARTICIPANTES

Poderán participar na convocatoria as **persoas que se atopen colexiadas no COTSG** no momento da solicitude. Para a modalidade de TFG e TFM, tamén teñen acceso aos premios as persoas que se atopen **precolexiadas** no momento de realizar a inscrición no proceso e que obtivesen **unha nota mínima de 7.0** (NOTABLE).

As persoas colexiadas poden participar de xeito individual ou representando a un equipo de traballo, ou a persoas xurídicas. Nos dous últimos supostos a coordinación do equipo ou da experiencia debe ostentala unha persoa colexiada, ou no seu defecto, como mínimo o 50% do equipo debe estar formado por traballadores/as sociais.

5. PREMIOS

Entregarásese un diploma acreditativo da concesión do premio e ademáis:

- Unha cantidade de 1.000€ na categoría de investigación.
- Unha cantidade de 1.000€ na categoría de boas prácticas.
- Unha cantidade de 300€ na categoría de TFG e TFM.

6. DOCUMENTACIÓN, FORMA E PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES

As persoas participantes que queiran optar aos premios e cumpran os requisitos de cada unha das categorías (Investigación, Boa Práctica e TFG/TFM) deberán remitir a seguinte documentación:

- Solicitud (Anexo II).
- En función da categoría á que se presente:
 - Artigo científico segundo modelo Anexo III.1
 - Informe de boa práctica segundo modelo Anexo III.2
 - Artigo científico segundo modelo Anexo III.1

IMPORTANTE: En tódolos casos, os traballos presentados deberán ser **anónimos, non podendo figurar datos de tipo identificativo da/s persoa/s autora/s e/ou da institución á que pertencen. Tampouco se poderá especificar no mesmo o número de persoa colexiada.**

No caso de que o título do artigo ou proxecto identifique a investigación ou ao autor/a, recoméndase que se modifique para a súa presentación.

- Declaración Xurada na que se faga constar a orixinalidade do artigo e o compromiso de publicación na Revista Galega de Traballo Social “Fervenzas” (Anexo II).
- No seu caso, relación das persoas que integran o equipo de traballo (Anexo IV).
- Certificado da nota acadada no TFG/TFM.

O prazo de presentación de solicitudes será desde a data de publicación da convocatoria, en concreto, desde o 28 de outubro de 2022 e **ata o 27 de xaneiro de 2023 (incluído).**

O lugar e os medios para a presentación de solicitudes son:

- Presencial ou por correo postal a Rúa Dublín, 6, baixo, portal 3, 15707, Santiago de Compostela.
- Correo electrónico: info@traballosocial.gal

7. CONDICIÓN XERAIS

- Presentar traballos orixinais, inéditos e en galego. Na categoría de *Investigación* poderán ser valorados aqueles artigos científicos que supoñan unha adaptación do artigo orixinal, ben porque posúan contido específico ou ben porque presenten resultados máis concretos. As teses doutorais poderán ser valoradas sempre que sexan reelaboradas en título, estrutura e contido para evitar duplicidades cos repositorios universitarios, debendo eliminarse calquera referencia ao traballo de investigación ou defensa da tese.
- Non ter sido premiados por este mesmo concepto por ningún outro organismo ou entidade.
- Coñecer e aceptar as bases reguladoras da convocatoria e os requisitos de cada categoría (investigación, boas prácticas e TFM/TFG) por parte das persoas que se presenten.
- A/s persoa/s solicitantes só se poderán presentar a unha das modalidades presentes na convocatoria.
- No suposto de que a investigación, boa práctica ou TFM/TFG presentado, estivera elaborado por varias persoas, o pagamento será efectuado en base a porcentaxe reflectida no anexo IV.
- Naqueles casos, nos que a investigación, experiencia de boa práctica ou TFM/TFG que se presenta estea realizada por varias persoas, deberán nomear unha en representación, que será a encargada de asinar a solicitude.
- Citar a concesión do premio en toda publicación acerca da investigación, boa práctica ou TFM/TFG.
- Os traballos premiados serán cedidos para publicar na *Revista Fervenzas* correspondente ao ano 2023. Non rexerá carácter de exclusividade podendo, a posteriori de ser presentado na *Revista Fervenzas*, ser usado para calquera outra publicación, premio ou acción que se estime oportuna por parte da persoa ou persoas autoras.
- Presentar os resultados da investigación, da boa práctica e do TFM/TFG, se así se require, nalgún dos congresos ou xornadas que organice o COTSG.
- Os traballos deberán ser presentados garantindo o anonimato da persoa ou persoas que o presentan.
- Atoparse colexiado/a no COTSG no momento da solicitude. No caso da modalidade de TFM/TFG poderán optar as persoas que se atopen precolexiadas á hora de formalizar a inscrición.
- A investigación, boa práctica ou TFM/TFG deberán estar totalmente rematados e preparados para a súa publicación.
- O Xurado resérvase a facultade de declarar deserto o Premio en calquera das categorías se considera que ningún dos artigos ou proxectos que concurren reúnen os méritos suficientes ou se non se cumpren os principios éticos na investigación. O veredicto é inapelable.

8. COMPOSICIÓN DAS COMISIÓNS DE VALORACIÓN, RESOLUCIÓN E PAGAMENTO

Crearase unha comisión de valoración para cada unha das modalidades, en función dos seguintes criterios:

- Categoría de Investigación: Estará conformada por tres persoas representantes dos estudos de traballo social no sistema universitario galego. Preferentemente:
 - Unha persoa en representación da Escola Universitaria de Traballo Social de Santiago de Compostela.
 - Unha persoa en representación da Facultade de Ciencias da Educación, da Universidade de Vigo, do Grao en Traballo Social.
 - Unha persoa en representación da UNED vinculada aos estudos de Grao en Traballo Social.
- Categoría de Boas Prácticas: Estará conformada por tres persoas nomeadas entre os colexiados/as con contrastada experiencia no desempeño profesional.
- Categoría de TFG/TFM: Estará conformada por tres persoas vinculadas ao eido da investigación en Traballo Social, non podendo estar integrada por representantes das universidades e escolas vinculadas aos TFG/TFM que se presenten.

Cada unha das persoas que forman parte de cada comisión, valorará individualmente, tendo en conta o baremo de cada unha das categorías (Anexos I.1, I.2 e I.3).

Cada unha das comisións, se o estima oportuno, poderá reunirse para dirimir sobre a concesión dos premios.

O fallo deberá ser comunicado ao COTSG na data que se indique no momento da remisión das propostas a cada unha das persoas que forman parte da comisión, e sempre, antes dos 7 días naturais antes da data de celebración do Día Mundial do Traballo Social.

O fallo será inapelable podendo, cada unha das comisións, declarar deserta unha das categorías ou a totalidade. De ser o caso, as persoas que forman parte do órgano de valoración, poderán decidir de xeito xustificado e por unanimidade, conceder accésits (sin dotación económica).

A comisión, unha vez puntuadas as diferentes propostas, e en caso de empate, valorará o feito de que o premio sexa compartido, a partes iguais, entre as solicitudes que acadaron a mesma cuantificación.

No acto farase entrega do certificado do premio de cada categoría. A posteriori, en número de conta sinalado a tal efecto, terá lugar o ingreso da contía a favor da persoa ou persoas gañadoras, nos 15 días seguintes á concesión do mesmo.

9. COMPROMISOS DO COTSG

- Facer pública a concesión do premio.
- Publicar o nome da persoa ou persoas premiadas na web e en publicacións propias do COTSG.
- Aboar o importe da axuda segundo os prazos e condicións previstas.

- Reservar un espazo para a comunicación da investigación e experiencia de boa práctica nun evento do COTSG.
- Certificar a concesión do premio.
- Garantir o anonimato na remisión das propostas a cada persoa da comisión da valoración. Para isto, unha vez recibida cada unha das solicitudes, procederase a asignar un código alfanumérico.

10. INFORMACIÓN

As persoas que desexen obter máis información ou resolver calquera tipo de dúbida poden facelo a través dos seguintes medios:

- Telefonicamente: 981568100 (Coordinación ou Área de Formación).
- Correo electrónico: info@traballosocial.gal